

COMISIÓN DE XESTIÓN: RESIDENCIAL

O 13 de maio houbo Comisión de Xestión coa xerencia, ao principio da reunión se lle fai entrega das sinaturas dos ASC facendo constar que non foron recollidas como CIG senón que é unha iniciativa que parte dos propios ASC.

Por parte da CIG plantexamos que o clima laboral en Residencial empeorou durante este ano, debido a que os ASC están sendo sometidos cada vez a máis esixencias, controis, escoitas, parámetros etc...e o plantexamento do Novo Protocolo foi a gota que colmou o vaso que xa estaba cheo de máis.

- Levamos todo o ano tendo que ser proactivos en todas as chamadas, sexan do motivo que sexan,
- Tendo que chegar ao N^o de chamadas, independentemente de que funcionen o non as aplicacións, de que tivéramos formación ou reunións individuais...
- Tendo que tramitar co peche de venta aínda que o cliente non teña ou non queira facilitar e-mail.
- Coas locucións, o FCR, as semanas tolas, que é como imos acabar todos.
- Recibindo casi diariamente os resultados das escoitas de proactividade, onde temos que ver non só os nosos resultados senón tamén os dos demais, tema co que estamos totalmente en desacordo.

Dende a CIG entendemos que os cambios que se propoñen neste novo Protocolo non proporcionarán maior satisfacción ao cliente pero sí suporán un gran esforzo para os ASC ao ter que modificar os hábitos, e un incremento na súa carga mental.

Por parte da Xerencia houbo compromiso de intentar mellorar a situación, intentarían ver a nivel individual qué pode necesitar cada comercial, reforzar a formación aportando máis información, reconsideran o tema do e-mail cando o cliente non quere facilitar ou non o ten, os correos se usarán para felicitar e non para que o ASC se sinta penalizado. Farase en breve unha nova reunión de seguimento da situación.

Loita coa CIG pola defensa dos teus dereitos.

Non te limites a escoitar, faite oír.

A Coruña 14 de maio de 2008